











Teléfonos:  
981 844 800  
981 849 960  
Fax: 981 844 008

N.º R.E.L. 01150119



Praza de Galicia s/n  
15930 BOIRO (A Coruña)  
correo e: [correo@boiro.org](mailto:correo@boiro.org)  
páxina web: [www.boiro.org](http://www.boiro.org)

## CONCELLO DE BOIRO

### 9º.- CONTIDO, DESENVOLVEMENTO E CUALIFICACIÓN DAS PROBAS SELECTIVAS:

A resolución da Alcaldía aprobatoria da lista definitiva de candidatos admitidos e a composición do tribunal, que se publicará no taboleiro de anuncios do Concello, fixará tamén a data, hora e lugar na que deberá constituírse o tribunal, así como data, hora e lugar para o comezo das probas selectivas.

Só se terán en conta para a fase de concurso os méritos aportados dentro do prazo de presentación de solicitudes, non tomándose en consideración os que se acheguen con posterioridade ao remate de dito prazo, que serán considerados como achega de nova documentación fora de prazo.

As persoas aspirantes concorrerán provistas do seu DNI, documento fidedigno acreditativo da súa identidade, a xuízo do tribunal, e tamén dos medios materiais adecuados que sexan necesarios para a práctica daqueles. Serán convocados en chamamento único, quedando excluídos da oposición os que non comparezan, agás nos casos de forza maior debidamente xustificadas e apreciadas libremente polo tribunal.

Por non ser de obrigatoria a súa publicación, os anuncios de celebración das sucesivas probas ou exercicios, si eso procedese, con indicación do lugar e hora en que tivesen lugar, expóranse no taboleiro de anuncios da Casa Consistorial, ó menos con 48 horas de antelación.

### 10.- FORMALIZACIÓN DA LISTAXE PARA A REALIZACIÓN DAS CONTRATACIÓNS:

Concluída a cualificación final do proceso selectivo, o tribunal elevará proposta de listaxe de contratación por orde decrecente da puntuación total final (suma de puntuación obtida na fase de oposición e a de concurso), que determinará a orde de prelación para a súa contratación.

Esta listaxe aprobarase e quedará definitivamente constituída por Resolución de Alcaldía. Os integrantes da mesma unicamente serán titulares dunha expectativa de dereito a ser contratados temporalmente por orde de puntuación.

En caso de empate na puntuación final do proceso selectivo establécese a seguinte orde de prioridade:

1.- Por ser un grupo con infrarrepresentación do sexo feminino, e en aplicación do disposto no artigo 49 do Decreto lexislativo 2/2016, de 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de Igualdade, preferencia da muller respecto do home.







Teléfonos:  
981 844 800  
981 849 960  
Fax: 981 844 008

N.º R.E.L. 01150119



Praza de Galicia s/n  
15930 BOIRO (A Coruña)  
correo e: [correo@boiro.org](mailto:correo@boiro.org)  
páxina web: [www.boiro.org](http://www.boiro.org)

## CONCELLO DE BOIRO

(contado dende o día seguinte ó da publicación da convocatoria). Neste caso non se poderá interpoñer-lo recurso contencioso administrativo ata que se resolva expresamente ou se produza a desestimación presunta do recurso de reposición interposto. Neste último suposto, o prazo para a interposición do recurso contencioso-administrativo será de seis meses contado dende o día seguinte a aquel no que se produza a desestimación presunta do recurso de reposición interposto.

### ANEXO

#### TEMARIO.

1. Traballos de Fontanería. Ferramentas de man. Instrumentos de medida. Tipos de tubarías utilizables en fontanería.
2. Nocións de hidráulica: tubarías. Caudal. Gasto. Presión de rede. Golpe de Ariete. Perda de carga. Acometida. Tubo de alimentación.
3. Interpretación de planos. Escalas. Grafismos e simboloxía utilizables en fontanería.
4. Instalacións de abastecemento de auga potable á poboación. Mantemento. Reparación de avarías.
5. Seguridade no Traballo e Saúde laboral. Normas Básicas de Seguridade en traballos de fontanería, subministro e evacuación de augas, construción e obra civil. Medios de Protección colectivos e persoais a utilizar.
6. Coñecemento do entorno físico e xeográfico do Concello de Boiro.

O que resolvo e asino, ante min, o secretario da Corporación, en Boiro a data que figura na marxe esquerda.

O alcalde,

Ante min, o secretario,

D. Dieste Ortigueira, Juan José

D. Núñez Méndez, Dalmiro